

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

20148 *Real decreto 1675/2010, do 10 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.*

Unha vez publicado o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, así como os reais decretos polos que se establecen diversos certificados de profesionalidade, publicados desde o día 4 de setembro de 2008 ata a data de entrada en vigor deste real decreto, observáronse distintos problemas para a posta en práctica dos ditos certificados que están dificultando o correcto desenvolvemento para a súa implantación.

Co fin de resolver os problemas xurdidos, que impiden a xestión eficaz da implementación dos certificados de profesionalidade e, como consecuencia, o propio desenvolvemento da acreditación das competencias profesionais a adquirir, procédese a modificar a normativa reguladora antes sinalada. Así, mediante este real decreto flexibilízanse os requisitos tanto para o acceso dos alumnos como para a impartición do módulo de formación práctica en centros de traballo. En relación con este módulo, e con obxecto de dotar do adecuado financiamento a súa realización, establécese unha subvención específica para cubrir os custos do titor do dito módulo. Así mesmo, efectúanse correccións técnicas que melloran a regulación dos reais decretos que se modifican.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e informada a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais e emitiron informe o Consello Xeral da Formación Profesional e o Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de decembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.*

O Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, queda modificado como segue:

Un. A alínea c) do número 5 do artigo 5 queda redactada como segue:

«c) Os criterios de acceso dos alumnos, que asegurarán que estes contan cos requisitos formativos e profesionais suficientes para cursar con aproveitamento a formación.»

Dous. Incorpórase un novo artigo 5.bis, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 5.bis. *Módulo de formación práctica en centros de traballo.*

1. O módulo de formación práctica en centros de traballo realizarase preferentemente unha vez superados o resto dos módulos formativos de cada certificado de profesionalidade, aínda que tamén se poderá desenvolver simultaneamente á realización daqueles. En ningún caso se poderá programar este módulo de forma independente.

2. A realización deste módulo articularase segundo determinen as administracións competentes na xestión da formación profesional para o emprego, e en xeral realizarase a través de convenios ou acordos entre os centros formativos e os centros de traballo, sen prexuízo da súa suxeición ao réxime previsto para as prácticas profesionais non laborais en empresas no artigo 25.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, e na Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

3. O titor do módulo de formación práctica en centros de traballo será o responsable de acordar o programa formativo coa empresa e de realizar, xunto co titor designado pola empresa, o seguimento e a avaliación dos alumnos. Para tal fin, o programa formativo incluírá criterios de avaliación, observables e medibles.

A administracións competentes poderán conceder subvencións aos centros ou entidades formativas para o financiamento dos custos da actividade do titor. A contía desta subvención calcularase aplicando un módulo específico máximo de 3 euros por alumno e hora de práctica en centros de traballo. A concesión desta subvención, a excepción da contía sinalada, regularase de acordo co disposto na Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, para o resto de módulos formativos.

4. Estarán exentos de realizar este módulo os alumnos dos programas de formación en alternancia co emprego, na área do correspondente certificado, así como aqueles que acrediten unha experiencia laboral de, polo menos, tres meses, que se corresponda coas capacidades recollidas no citado módulo do certificado de profesionalidade. As solicitudes de exención deste módulo pola súa correspondencia coa práctica laboral realizaranse de acordo co regulado polas administracións laborais competentes, que expedirán un certificado de exención del.

5. A experiencia laboral a que se refire o número anterior acreditarase mediante a certificación da empresa onde se adquirise a experiencia laboral, na cal conste especificamente a duración do contrato, a actividade desenvolvida e o período de tempo en que se realizou a dita actividade. No caso de traballadores por conta propia, exixirase a alta no censo de obrigados tributarios, cunha antigüidade mínima de tres meses, así como unha declaración do interesado das actividades máis representativas.»

Tres. O artigo 8 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Vías para a obtención dos certificados de profesionalidade.*

1. O certificado de profesionalidade pódese obter a través da superación de todos os módulos correspondentes ao certificado de profesionalidade ou mediante a acumulación do módulo de prácticas non laborais e as acreditacións parciais dos módulos formativos asociados ás unidades de competencia que comprenda o certificado de profesionalidade.

2. O certificado de profesionalidade tamén se poderá obter mediante os procedementos para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación que se establezan no desenvolvemento normativo do artigo 8.4 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.»

Catro. Suprímese o número 4 do artigo 9.

Cinco. O número 1 do artigo 13 queda redactado do seguinte modo:

«1. Para poder impartir a formación correspondente a cada un dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade, os formadores deberán reunir os requisitos específicos que se inclúan nel. Estes requisitos deben garantir o dominio dos coñecementos e as técnicas relacionadas coa unidade de competencia a que está asociado o módulo, e verifícaranse mediante a correspondente acreditación e/ou experiencia profesional no campo das competencias relacionadas co módulo formativo.

En calquera caso, para impartir os módulos formativos dos certificados de profesionalidade, será requisito que o formador acredite posuír a competencia docente que determine a Administración competente.»

Seis. Incorpórase unha nova disposición adicional cuarta, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional cuarta. *Accións formativas de carácter piloto.*

1. Nos plans de traballo que desenvolvan os centros nacionais de formación ocupacional, regulados no artigo 17 do Real decreto 631/1993, do 3 de maio, polo que se regula o Plan nacional de formación e inserción profesional e os centros de referencia nacional, regulados no Real decreto 229/2008, do 15 de febreiro, poderanse incorporar para a súa realización accións formativas de carácter piloto correspondentes a certificados de profesionalidade que se encontren en fase de proxecto e que non fosen aprobados.

2. Unha vez aprobados por real decreto os correspondentes certificados de profesionalidade, aqueles que superasen todos os módulos deles incluídos nas accións formativas de carácter piloto previstas no número anterior, poderán solicitar que lles sexa expedido o correspondente certificado de profesionalidade ou, de ser o caso, a acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas.»

Artigo segundo. *Modificación dos reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, publicados no «Boletín Oficial del Estado» desde o día 4 de setembro de 2008 ata a data de entrada en vigor deste real decreto.*

Os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, publicados no Boletín Oficial del Estado desde o día 4 de setembro de 2008 ata a data de entrada en vigor deste real decreto, que aparecen relacionados no anexo I, quedan modificados como segue:

Un. O artigo 4 dos reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 4. *Requisitos de acceso á formación dos certificados de profesionalidade.*

1. Corresponderá á Administración laboral competente a comprobación de que os alumnos posúen os requisitos formativos e profesionais para cursar con aproveitamento a formación nos termos previstos nos números seguintes.

2. Para acceder á formación dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade dos niveis de cualificación profesional 2 e 3 os alumnos deberán cumprir algún dos requisitos seguintes:

a) Estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria para o nivel 2 ou título de bacharelato para o nivel 3.

b) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/ou do certificado de profesionalidade a que se desexa acceder.

c) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional para o nivel 2 ou dun certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional para o nivel 3.

d) Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio para o nivel 2 ou de grao superior para o nivel 3, ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.

e) Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos.

f) Ter os coñecementos formativos ou profesionais suficientes que permitan cursar con aproveitamento a formación.»

Dous. Suprímese o artigo 5.

Tres. Na segunda columna do cadro que figura na epígrafe IV «Prescricións dos formadores» de cada un dos anexos dos reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, publicados desde o día 4 de setembro de 2008 ata a data de entrada en vigor deste real decreto, substitúese a denominación «titulación requirida» polo termo «acreditación».

Catro. Na epígrafe III «Formación do certificado de profesionalidade» de cada un dos anexos dos reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, publicados desde o día 4 de setembro de 2008 ata a data de entrada en vigor deste real decreto, os criterios de acceso para os alumnos de cada módulo formativo, quedan redactados nos seguintes termos:

«Criterios de acceso para os alumnos: serán os establecidos no artigo 4 do real decreto que regula o certificado de profesionalidade da familia profesional a que acompaña este anexo.»

Artigo terceiro. *Modificación dos reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, publicados no Boletín Oficial del Estado desde o día 4 de setembro de 2008 ata a data de entrada en vigor deste real decreto, que derrogan anteriores certificados de profesionalidade.*

A disposición transitoria terceira dos reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, que se relacionan no anexo II, queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria terceira. *Solicitud de expedición dos certificados de profesionalidade derogados.*

1. As persoas que, segundo o disposto na disposición transitoria primeira do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, completasen con avaliación positiva a formación asociada a un dos certificados de profesionalidade dos que aquí se derrogan, durante a vixencia deles, disporán dun prazo de cinco anos para solicitaren a súa expedición, contado desde a entrada en vigor deste real decreto.

2. Tamén poderán solicitar a expedición, no prazo de cinco anos desde a finalización con avaliación positiva da formación dos ditos certificados de profesionalidade:

a) As persoas que, tendo realizado parte daquela formación durante a vixencia do real decreto que agora se derroga, a completen despois da súa derogación.

b) As persoas que realicen a formación destes certificados de profesionalidade baixo os plans de formación e as accións formativas que xa estean aprobados na data de entrada en vigor deste real decreto, en virtude da Orde TAS 718/2008, do 7 de marzo.»

Disposición transitoria primeira. *Excepción do módulo de formación práctica en centros de traballo.*

1. O módulo de formación práctica en centros de traballo previsto nos artigos 5.4 e 5 bis do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, poderá ser desenvolto no mesmo centro de

formación, cando así sexa autorizado pola Administración laboral competente, por non ser posible a súa realización en centros de traballo por inexistencia de centros adecuados ou outros motivos debidamente xustificadas apreciadas por esa administración. A duración deste módulo será a establecida para o módulo de prácticas profesionais non laborais recollido no anexo correspondente ao certificado de profesionalidade de que se trate e coa mesma subvención que a prevista para o resto de módulos formativos.

2. O disposto no número anterior será de aplicación ás accións formativas aprobadas ata o 31 de decembro de 2012.

Disposición transitoria segunda. *Acreditación provisional de centros.*

Os centros de formación que no momento da entrada en vigor deste real decreto estiveren incluídos nos rexistros das administracións competentes e homologados para impartir formación nas especialidades formativas correspondentes a un ou varios certificados de profesionalidade que fosen derogados polos reais decretos, relacionados no anexo II, polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, publicados no «Boletín Oficial del Estado» desde o día 4 de setembro de 2008 ata a data de entrada en vigor deste real decreto, consideraranse acreditados de forma provisional para efectos da impartición de accións formativas vinculadas aos certificados de profesionalidade establecidos nos ditos reais decretos e declarados equivalentes na disposición adicional segunda daqueles, logo de autorización da Administración competente. Esta acreditación terá efectos durante un ano desde a entrada en vigor deste real decreto e ata a finalización, de ser o caso, das accións formativas aprobadas. Transcorrido este período, para poder impartir formación dirixida á obtención dos certificados de profesionalidade establecidos nos reais decretos citados, os centros de formación deberán solicitar ás administracións competentes a súa acreditación, para o cal deberán cumprir os requisitos establecidos nos certificados.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación.*

As subvencións para o financiamento dos custos da actividade do titor establecidas no número 3 do artigo 5.bis do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, así como a excepción do módulo de formación práctica en centros de traballo establecida na disposición transitoria primeira deste real decreto, serán de aplicación ás convocatorias e programacións aprobadas a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

O ministro de Traballo e Inmigración e os órganos competentes das administracións autonómicas poderán ditar, nos seus respectivos ámbitos competenciais, as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Así mesmo, autorízase o director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal para actualizar a contía das subvencións para o financiamento dos custos da actividade do titor establecidas no número 3 do artigo 5 bis do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de decembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración,
VALERIANO GÓMEZ SÁNCHEZ